



ANUNCIO COA DATA E LUGAR DO EXAME DE COÑECEMENTOS TURÍSTICOS E DO CASO PRÁCTICO NO PROCESO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA ESPECIALIZADA NA OFICINA ESPAÑOLA DE TURISMO EN ROMA DURANTE OS ANOS 2021 E 2022 (TU981B)

De conformidade co establecido no artigo 13.4 da RESOLUCIÓN do 19 de abril de 2021 pola que se regulan as bases para a concesión dunha bolsa de formación práctica especializada na oficina española de turismo en Roma durante os anos 2021 e 2022 (código de procedemento TU981B) publicada no DOG núm. 81 do venres 30 de abril de 2021 procédese a convocar aos candidatos que resulten definitivamente admitidos neste proceso, ao test e ao caso práctico de coñecementos turísticos.

Día: Luns 21 de xuño de 2021

Hora chamamento: 09:45h

Hora exame: 10:00h

LUGAR: Aula 201 do Centro Superior de Hostelería de Galicia (segunda planta)

ENDEREZO: Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba de coñecementos consistirá nun cuestionario tipo test sobre as materias que figuran no anexo II das bases da convocatoria. O test constará dun formulario de 50 preguntas con catro respostas alternativas das que só unha será correcta. O caso práctico será unha proba escrita sobre as materias incluídas nos temas 13, 14 e 15 do anexo II das bases da convocatoria. A duración das probas será de dúas horas en total.

A concorrencia ás probas é obrigatoria.

As persoas admitidas no procedemento deberán acudir ao exame provistos dun bolígrafo, dun lápis do número 2 e unha goma de borrar.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

Axencia Turismo de Galicia
Estrada Santiago Noia Km.3
15897-Santiago de Compostela
<http://www.turismo.gal/>



O chamamento comezará quince minutos antes de cada proba. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o **DNI ou documento de identificación equivalente**. Non estará permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

A Directora de Competitividade de Turismo de Galicia

María Baleato González

